



NOVIDADES DE INVERNO

Non andes ás présas que a calor xa virá

Kalandraka presenta as súas novidades para este duro inverno no que non nos dan quecido os pés. Dúas obras que pensan neste tempo implacable e friorento e que nos devolverán o sorriso do sol

Textos:
Romina Bal

Fotos:
Kalandraka Editora

Non sei vós pero este ano todos andamos atarecados co frío e enchoupados coa choiva que non para de caer. Como sabemos que o inverno aínda vai durar un chisco e non ten trazas de que o sol nos quente os pés, pois presentamos neste número as novidades de Kalandraka, que unha vez máis pensa en nós para aledarnos.

Para combater o frío non hai outra cousa como a la, e **Ovelliña dáme-la**, fornécenos de todo o que precisemos, fai que espabilemos gozando dun conto extraordinario. Trátase dun texto rimado para primeiros lectores, de estrutura encadeada, repetitiva e acumulativa; un recurso empregado nos contos de tradición oral e que fai que os nosos cativos adquiran ben a linguaxe. Un relato de inverno divertido de Isabel Minhós Martins (Lisboa, 1974) coas ilustracións elegantes e aparentemente sinxelas de Yara Kono (Sao Paulo, 1972), que se caracterizan por unha mestura

de detallismo e estilo esquemático con tonalidades suaves e contraste cromático. **Ovelliña dáme-la** está recomendado para cativos a partir de 4 anos. Entre os seus obxectivos atópase o potenciar a oralidade, xa que presenta un formato dialogado ideal para facilitar a aprendizaxe e pór de relevo valores transversais como o feito de compartir cos demais. A transformación das materias primas noutros elementos útiles é un valor salientable, por que nos transmite a idea da infinidade de cousas que podemos facer coas nosas propias mans adquirindo ao mesmo tempo o vocabulario das estacións do ano. (13 euros)

Miña nai sempre anda ás présas, meu pai tamén, os avós nunca chegan a tempo e eu ando ao meu ritmo. O tempo é a materia prima da que estamos feitos: segundos, minutos, horas, días, semanas, meses, anos... **O Tempo voa** ofrece outra ollada alternativa sobre esa medida e dános a posibilidade de coñecer outra caste de reloxos: "eses onde nunca se sabe que hora é", en palabras de Álvaro Magalhães. Afeitos a preguntar pola hora,

este álbum propón todo o contrario: preguntar que hora non é. Os divertidos versos desta historia rimada son unha invitación a reflexionar sobre as présas que invaden o noso ritmo de vida cotiá e os distintos tempos existentes entre o rural e o urbano. As imaxes do libro, que achegan moito dinamismo, son elaboradas siluetas de papel recortado cuxas formas contrastan coa cor de fondo: as agullas dos reloxos adquiren vida propia e camúflanse en sorprendentes obxectos. Con textos de João Pedro Méseder (Porto, 1957) pseudónimo literario de José António Gomes, e ilustracións de Gémeo Luís (Maputo, Mozambique, 1965) pseudónimo artístico de Luís Mendonça deseñador e editor.

Trátase dun texto recomendado para cativos a partir de 4 anos que acadou unha mención do I Premio Internacional Compostela Aplicacións no que se incide na puntualidade e invita a facer unha reflexión sobre o xeito de vida contemporáneo (13 euros).

Xa o sabes, se andas ás présas polo menos ábrigate!!!

FAKTORIA K DE LIBROS



Libro de pequeno formato que segue a fórmula dos chamados "contos sen fin". Un conto para contar, no que son fundamentais a rima e o ritmo, a partir dunha estrutura de oito sílabas, que se mantén ao longo de todo o relato. Malia a súa sinxeleza dende o punto de vista literario e artístico, este libro destaca polo "xogo" que dá cos nenos e nenas, que descubrirán con el a función lúdica da lectura. Porque pasando as páxinas ata o final e dándolle a volta ao conto...

Unha magnífica proposta que podemos atopar nas librerías pero se nos damos présa, pois aínda que se trata dunha novidade leva no mercado desde o pasado decem-

bro cunha grande acollida e case está esgotado. Mon da Porta (Cambados, 1952) é o seu creador e docente dende hai máis de tres décadas. O seu ilustrador é Óscar Villán (Ourense, 1972). **Un becho estraño** de Faktoria K é un conto rimado sobre un becho para cativiños dende 3 anos con tapas duras a proba de babas. Un conto que non acaba e se o xiras volve comezar cunhas ilustracións sinxelas que contrastan co fondo negro que as envolve. Unha produción galega que amosa a calidade e a vangarda na que se sitúan os nosos creadores. En resumo unha xoia para os máis pequenos. Un ratiño que nos sorprenderá por 8 euros.